



ESTATUTOS DE

"ALCER-LUGO"

**(Asociación para a Loita na Contra das Enfermidades
Renais de Lugo)**

ANO 2008.-





INDICE

PREÁMBULO	4
-----------------	---

CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN

Artigo 1. Denominación	5
Artigo 2. Personalidade	5
Artigo 3. Domicilio	5
Artigo 4. Duración e ámbito	5-6
Artigo 5. Misión	6
Artigo 6. Principios e valores	6
Artigo 7. Fins	6-7-8
Artigo 8. Medios	8-9

CAPÍTULO II – DOS SOCIOS

Artigo 9. Socios	9
Artigo 10. Tipos de socios	9
Artigo 11. Socios de Honra e colaboradores	10
Artigo 12. Ingresos e baixas	10
Artigo 13. Procedemento de admisión	10
Artigo 14. Documentos de admisión	10-11
Artigo 15. Números de socios	11
Artigo 16. Deberes	11
Artigo 17. Dereitos	11-12
Artigo 18. Réxime disciplinario	12
Artigo 19. Perda da condición de socio	12-13

CAPÍTULO III – DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 20. Órganos de Goberno	13
Artigo 21. Asemblea Xeral	13
Artigo 22. Delegación	13-14
Artigo 23. Participación na Asemblea	14
Artigo 24. Funcións da Asemblea Xeral	14-15
Artigo 25. Clases de asemblea e a súa convocatoria	15
Artigo 26. Acordos da asemblea xeral	15
Artigo 27. Xunta Directiva	16
Artigo 28. Duración da Xunta Directiva	16
Artigo 29. Elección da Xunta Directiva	16-17
Artigo 30. Funcións da Xunta Directiva	17-18

Artigo 31. Funcionamento da Xunta Directiva	18
Artigo 32. Comisión Permanente	18
Artigo 33. Comisión de Ética	18
Artigo 34. Presidente	18-19
Artigo 35. Vicepresidente	20
Artigo 36. Secretario.....	20-21
Artigo 37. Tesoureiro	21
Artigo 38. Vocais	21

CAPÍTULO IV – DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 39. Impugnacións	22
Artigo 40. Recursos	22

CAPÍTULO V – DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 41. Recursos económicos	22-23
Artigo 42. Cotas	23
Artigo 43. Pago de cotas	23
Artigo 44. Orzamento	24

CAPÍTULO VI – DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 45. Procedemento de modificación	24
---	----

CAPÍTULO VII – DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 46. Disolución	24
Artigo 47. Comisión liquidadora	25
Artigo 48. Asemblea Xeral no período de liquidación.....	25
Artigo 49. Destino dos bens resultantes	25



PREÁMBULO

No ano 1981 constitúese na cidade de Lugo unha Asociación denominada **"ASOCIACIÓN PARA A LOITA NA CONTRA DAS ENFERMIDADES RENAIAS DE LUGO: ALCER LUGO"** que se rexerá pola Lei de Asociaciós nº 191/1964, do 27 de decembro.

Nesta Asociación estaban integrados os enfermos renais da provincia de Lugo.

Foi declarada Entidade de Utilidade Pública polo Consello de Ministros de data 9 de maio de 1984, sendo rexistrada como tal ó dia 29 de maio de 1984 co N° 42.540.

Inscríbese no Rexistro Provincial de Asociaciós da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local co número 303, no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servicios Sociais da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais co N° S-110 e no Rexistro Municipal de Asociaciós do Excmo. Concello de Lugo co número 119.



CAPÍTULO I DA ASOCIACIÓN



Artigo 1 Denominación

Ó amparo do artigo 22 da Constitución, polo establecido na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación e pola demais lexislación existente en materia de Asociacións que lle sexa aplicable, así como polo previsto nos presentes estatutos, rexeráse a entidade denominada *Asociación para a Loita na Contra das Enfermidades Renais de Lugo, de agora en diante "ALCER-LUGO"*

"ALCER-LUGO" é o resultado da libre vontade dos seus socios, ostentando a súa representación no ámbito territorial da Provincia de Lugo.

Artigo 2 Personalidade

"ALCER-LUGO" tén personalidade xurídica propia e independente da dos seus socios, e conforme ó artigo 35 e seguinte do Código Civil goza de plena capacidade para ser suxeito de dereitos e obrigas nos termos previstos nestes Estatutos e nas leis.


Artigo 3 Domicilio

O enderezo social de "ALCER-LUGO", a efectos legais, queda establecido en Avd. Infanta Elena, 11, Casa Clara Campoamor, locales 5 y 7. 27003 Lugo. Tfno./fax: 982 243 231.

Pode ser trasladado a outro lugar por acordo da Xunta Directiva, que poderá decidir así mesmo a apertura de delegacións noutras localidades dentro do seu ámbito de actuación, e de cantos lugares considere adecuados para o normal desenvolvemento de ALCER-LUGO. O traslado definitivo do domicilio social requirirá a ratificación da Asemblea Xeral.

Artigo 4 Duración e ámbito

"ALCER-LUGO" constitúese por tempo indefinido, agás causa legal ou estatutaria de disolución.



O ámbito territorial de "ALCER-LUGO" é o da Provincia de Lugo, nembargantes, previo acordo coas entidades de ámbito superior das que é membro, poderá modifica-lo mesmo, en atención ás necesidades das persoas con enfermidades renais ou similares e do colectivo de persoas con discapacidade.

Ademais poderá pertencer e actuar con outras organizacións de ámbito provincial, autonómico, estatal e internacional.

Artigo 5

Misión

É misión de ALCER-LUGO PROMOVER E COORDINA-LA defensa dos dereitos das persoas con enfermidades renais e outras persoas con discapacidade cara á súa plena integración.

Artigo 6

Principios e valores

"ALCER-LUGO" definease como unha entidade que carece expresamente de ánimo de lucro, independente e libre, aconfesional, apartidista, non gobernalmental, de carácter voluntario, e poderá solicita-la súa declaración de Utilidade Pública.

"ALCER-LUGO" basea a súa actuación nos seguintes principios e valores:

- Democracia interna.
- Solidariedade entre os seus membros.
- Transparencia na xestión e actuación da entidade e os seus socios.
- Defensa das necesidades sociais por encima de intereses particulares.
- Desbotar protagonismos e actitudes competitivas.
- A defensa dos afectados por enfermidades renais ou similares en particular e do colectivo de discapacitados en xeral como titulares de dereitos, evitando as mensaxes sentimentalistas e asistenciais.

Artigo 7

Fins

Os fins principais de ALCER-LUGO son:



1. Promove-la agrupación de tódolos enfermos renais e ás súas familias.
2. Defende-la dignidade e os dereitos das persoas con enfermidades renais e con discapacidade.



3. Promove-la plena integración escolar, laboral e social das persoas con enfermidades renais ou con algúnsa discapacidade.
4. Crea-las condicións para que os socios poidan cumplir axeitadamente a misión.
5. Promover actitudes sociais positivas cara ás persoas con enfermidades renais ou con discapacidade.
6. Promove-la lexislación axeitada que mellore a situación das persoas con enfermidades renais e do colectivo de discapacitados.
7. Participar na Orientación, coordinación e impulso do Movemento Asociativo no que estea integrado ALCER-LUGO con criterios de solidariedade.
8. Reunir e difundir información xeral e especializada sobre os problemas das enfermidades renais e da discapacidade.
9. Representa-los seus socios no ámbito local, provincial, autonómico, estatal e internacional
10. Desenvolver estratexias solidarias para que se poidan acadar equilibrios interterritoriais en calidade e servicios.
11. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos especificamente á atención da muller.
12. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente á atención da infancia e á xuventude.
13. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente á atención das persoas maiores.
14. Desenvolver programas e actividades, dentro da propia discapacidade, dirixidos específicamente a calquera outro colectivo en risco de exclusión social.
15. Desenvolver programas e actividades relacionados co fomento e participación do Voluntariado Social.
16. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas deportivas para persoas con discapacidade, priorizando aquelas que impulsen o deporte de base.
17. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de iniciativas culturais, educativas e de lecer orientadas ás persoas con enfermidades renais ou con discapacidade.
18. Promover e poñer en funcionamento todo tipo de programas de cooperación e desenvolvemento no exterior dirixidos ás persoas con enfermidades renais, con discapacidade ou en risco de exclusión social.
19. Sensibilizar á opinión pública e á administración dos problemas de prevención, tratamento e curación das enfermidades renais e das consecuencias sociosanitarias que conleva.
20. Mellora-la situación das persoas con enfermidades renais ou con discapacidade, así como das súas familias, favorecendo a integración e normalización persoal, familiar, social e laboral.
21. Potenciar canles de información e sistemas de axudas para os socios, coa finalidade de mellorar a súa calidade de vida e propiciar a súa plena integración:



familia, educación, formación, relaciones laborales, cultura, ocio, prestación de servicios e tratamentos psicosociais, rehabilitadores, ocupacionais, etc.

22. Apoiar e representar ó colectivo de enfermos renais e as súas familias para a consecución dos seus dereitos e a denuncia da vulneración dos mesmos.

Calquera outro que, de xeito directo ou indirecto, poida contribuir ó cumprimento da misión de ALCER-LUGO ou redundar no beneficio das persoas con enfermedades renais ou con discapacidade.

Artigo 8 Medios

Para o cumprimento da misión e dos fins, ALCER-LUGO poderá:

- a) Organiza-los servicios necesarios de investigación, estudio, programación, información, asistencia técnica, xestión especializada e outros equivalentes que as circunstancias aconsellen, así como actividades, cursos e seminarios sobre diversos aspectos das enfermedades renais ou da discapacidade.
- b) Promover, facilitar ou utilizar tódolos medios lícitos de información, formación e difusión para dar a coñecer os problemas das persoas con enfermedades renais ou con discapacidade e o seu entorno, e sensibilizar á opinión pública e á Administración dos problemas e consecuencias sociosanitarias e laborais das persoas que padecen enfermedades renais ou outras alteracións físicas que lles afectan e crean discapacidade.
- c) Incorporarse a federacións, confederacións, asociacións, entidades e organismos de carácter provincial, autonómico, estatal ou internacional que poidan ser de utilidade para acada-los fins de ALCER-LUGO.
- d) Establecer un sistema coherente na estructuración do Movemento Asociativo.
- e) Promover o Voluntariado e a súa formación para o cumprimento dos seus fins sociais.
- f) Desenvolver actividades e iniciativas, dentro do marco legal, que permita o sostento económico do Movemento Asociativo.
- g) A integración, creación e promoción de centros educativos, rehabilitadores, ocupacionais, profesionais, residencias, vivendas tuteladas e de protección oficial ou calquera outro centro, que teña unha tipoloxía autorizada por Lei; na que primen a inserción socio - laboral das persoas con enfermedades renais ou con discapacidade conforme á lexislación vixente.
- h) A promoción de centros laborais, incluídos os centros especiais de emprego; participando, promovendo e creando iniciativas empresariais que primen a inserción laboral das persoas con enfermedades renais ou con discapacidade, en postos de traballo adaptados ás súas capacidades e en condicións de igualdade, de deberes e dereitos, cos demais traballadores, conforme á lexislación vixente en tódolos casos, priorizando:



- Manuel Mouriño*
- J. L. G.*
- Alonso*
- a) Os Centros Especiais de Emprego dos que a titularidade maioritaria pertenza a unha asociación sen ánimo de lucro e os seus beneficios repercutan íntegramente nos propios traballadores con enfermidades renais ou discapacitados e/ou na labor social de dita asociación.
 - b) Os Centros Especiais de Emprego que adopten a forma xurídica de Cooperativas ou Sociedades Laborais, sempre e cando os beneficios repercutan íntegramente nos propios traballadores do Centro ou nunha asociación sen ánimo de lucro pertencente ó Movemento Asociativo.
 - i) Valerse de calquera outro medio lícito que sirva para a realización dos seus fins.

CAPITULO II DOS SOCIOS

Artigo 9 Socios

ALCER-LUGO constitúese como unha entidade aberta da que poden formar parte, previa aprobación prevista nos presente Estatutos, tódalas persoas que o soliciten sempre que compartan os principios e fins de ALCER-LUGO na defensa da plena integración das persoas con enfermidades renais ou con discapacidade.

Artigo 10

Tipos de Socios



ALCER-LUGO terá as seguintes clases de socios:

- a) As persoas con discapacidade maiores de idade e con capacidade de obrar que non estean suxeitos a ningunha condición legal para o exercicio do derecho.
- b) As persoas con discapacidade menores de idade, non emancipadas, de máis de catorce anos, previo consentimento, documentalmente acreditado, dos seus pais ou titores.
- c) Os pais, titores ou representantes legais en representación dos menores de idade ou incapaces.
- d) Persoas que coa súa traxectoria acrediten unha incidencia importante na consecución do benestar das persoas con discapacidade, tendo que vir avalado por dez socios de ALCER-LUGO.



Artigo 11 Socios de Honra e Colaboradores

ALCER-LUGO poderá ter Presidente de Honra.

Así mesmo, poderán ser nomeados socios de honra todas aquelas persoas físicas ou xurídicas que se distingan pola súa actuación a favor dos fins de ALCER-LUGO e do colectivo que representa.

Os socios de honra non estarán suxeitos ás obrigas establecidas nos presentes estatutos, nin serán titulares de dereitos agás a súa asistencia á Asemblea Xeral Ordinaria con voz pero sen voto.

Os colaboradores serán todas aquellas persoas físicas ou xurídicas que desexen colaborar de maneira desinteresada con ALCER-LUGO mediante a súa participación ou mediante achegas económicas. Os colaboradores non son titulares de obrigas nin dereitos.

Artigo 12 Ingresos e baixas

O ingreso en ALCER-LUGO como socio da mesma será voluntario. A baixa será voluntaria ou forzosa, por causa legal estatutaria. Toda causa de expulsión constará, debidamente acreditada, no correspondente expediente, que non poderá ser resolto sen a audiencia da parte interesada.

Artigo 13 Procedimento de admisión

O procedimento de admisión dos socios será:

- a) Procedimento de admisión será mediante solicitude escrita ou comunicación do interesado dirixida ó Presidente.
- b) Presentación da documentación esixida.




Artigo 14 Documentos de admisión

Documentación a presentar pola persoas:

- a) Copia DNI.

- b) Copia do Certificado de Minusvalía.
- c) Copia da resolución xudicial da designación de Titor legal.
- d) Autorización expresa de pais ou titores.
- c) Por aval acreditativo de 10 socios da entidade

A Xunta directiva poderá solicita-la ampliación da documentación que considere necesaria.



Artigo 15 Número de socios

Non se establece un numero máximo de socios de ALCER-LUGO.



Artigo 16 Deberes

- 1) Actuar de maneira acorde cos valores de ALCER-LUGO e respecta-la dignidade e os dereitos das persoas con enfermidades renais ou con discapacidade.
- 2) Acata-los acordos válidamente adoptados polos órganos de goberno e representación de ALCER-LUGO.
- 3) Asistir ás Asembleas Xerais.
- 4) Aportar toda a documentación requirida pola Xunta Directiva
- 5) Aboar as cotas que se fixen.
- 6) Contribuír ó sostento de ALCER-LUGO, aportando os medios necesarios de acordo co establecido pola Asemblea Xeral ou a Xunta Directiva.
- 7) Manter absoluto secreto sobre os datos que coñecera como consecuencia da información adquirida en ALCER-LUGO.
- 8) Non daña-la imaxe de ALCER-LUGO.
- 9) Cumpli-lo resto das obrigas que resulten das disposicións estatutarias.

Artigo 17 Dereitos

- A) A participar nas actividades da Asociación e nos órganos de goberno e representación, a exerce-lo dereito de voto, así como asistir á Asemblea Xeral, de acordo cos Estatutos.

- B) A ser informado acerca da composición dos órganos de governo e representación da Asociación, do seu estado de contas e do desenvolvimento da súa actividade.
- C) Participar nos programas e iniciativas que sexan impulsados ou coordinados por ALCER-LUGO, nas condicións que establezan os seus órganos de governo.
- D) Utiliza-los servicios de toda índole que se crean en ALCER-LUGO.
- E) A acceder a toda a documentación da Asociación nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 de protección de datos persoais
- F) A ser apoiados por ALCER-LUGO nas iniciativas que se crean oportunas.
- G) A impugna-los acordos dos órganos da Asociación que estime contrarios á Lei ou ós Estatutos
- H) A ter copia destes estatutos
- I) A recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da Asociación.
- J) A ser oído con carácter previo á adopción de medidas disciplinarias contra el; a ser informado dos feitos que dean lugar a tales medidas. A posible sanción, en todo caso, deberá ser motivada.


Artigo 18 Réxime disciplinario

A proposta da Xunta Directiva, a Asemblea Xeral de ALCER-LUGO establecerá un Réxime Disciplinario que regule o procedemento e as sancións que poidan imponerse ós socios que vulneren os presentes Estatutos e as decisións dos órganos de governo.

Artigo 19 Perda da Condición de socio

Poderá perderse a condición de Socio de ALCER-LUGO por:

- Decisión Voluntaria, manifestada por escrito á Xunta Directiva.
- Por causa ou disposición legal.
- Por expulsión, a causa de:
 - Incumprimento grave do previsto nos presentes Estatutos.
 - Reiterado incumprimento dos acordos adoptados polos Órganos de Gobierno.
 - Desenvolver unha actuación prexudicial e grave para os intereses de ALCER-LUGO.



- Non poñer a disposición de ALCER-LUGO a información ou documentación requerida polos Órganos de Goberno.
- Utilizar medios, para a obtención de fondos, que atenten contra a dignidade das persoas con discapacidade, ou non permitan o control da recaudación, custos e destino dos beneficios obtidos.
- Incumprimento das obrigas económicas, cando deixe de satisface-las cotas periódicas anuais, se tra-la comunicación por escrito á persoa, non se obtivera resposta ó respecto.

A expulsión como socio de ALCER-LUGO só poderá producirse previa audiencia do interesado e terá efectos definitivos a partir do momento no que se produza o acordo por parte da Asemblea Xeral levando aparellada a perda de tódolos dereitos derivados da condición de socio.

CAPÍTULO III DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Artigo 20 Órganos de Goberno

ALCER-LUGO rexérase polo sistema de autogoberno e o principio de representación, a través dos seguintes órganos:

- Asemblea Xeral
- Xunta Directiva



Artigo 21 Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral é o máximo órgano de governo de ALCER-LUGO e estará integrada por:

- Os socios de ALCER-LUGO con voz e voto.
- Tódalas persoas componentes da Xunta Directiva da Asociación . O Presidente e o Secretario da Xunta Directiva o serán da Asemblea Xeral.

Artigo 22 Delegación

O voto poderá ser delegado, cando existan motivos de enfermidade que imposibiliten a asistencia á asamblea. Como máximo cada membro da asamblea poderá obxertar un voto delegado.

A delegación de voto farase por escrito, facendo constar expresamente o nome do representante.

Artigo 23

Participación na Asemblea

- Tódolos socios de ALCER-LUGO terán dereito a voz e voto.
- Non poderán ser membros da Asemblea Xeral todas aquelas persoas que directamente, ou indirectamente mediante o seu cónxuge ou relación análoga, parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao inclusive, estean relacionadas con Centros Especiais de Emprego con Ánimo de Lucro ou calquera outra actividade profesional, empresarial ou industrial que poidese dar lugar a un conflicto de intereses.
- Poderán asistir ás reunións da Asemblea, previo acordo da Xunta Directiva, con voz e sen voto, e a título de invitados, todas aquelas persoas que se considere poidan aportar xuízos ou informacións técnicas útiles e importantes para as decisións deste órgano.

Artigo 24

Funcións da Asemblea Xeral

Serán funcións da Asemblea Xeral:

1. Coñecer e aproba-los Plans de Actuación de ALCER-LUGO.
2. Aproba-los orzamentos de ingresos e gastos, de cada exercicio, a conta de liquidación de tales orzamentos e a disposición de bens. Así mesmo, examinar e, no seu caso, aproba-lo balance de situación de cada exercicio.
3. Fixar, a proposta da Xunta Directiva, as cotas de calquera tipo que deban aboa-los diversos socios.
4. Examinar e, no seu caso, aproba-la Memoria que cada ano deberá presenta-la Xunta Directiva.
5. Establece-lo réxime disciplinario.
6. Adoptar resolución sobre os asuntos que figuren na Orden do Día ou que se susciten co apoio dos dous tercios dos votos presentes.
7. Aproba-la modificación de Estatutos.
8. Ratifica-la expulsión de socios de ALCER-LUGO.



9. Ratifica-la composición da Xunta Directiva de acordo co previsto nestes Estatutos.
10. Dirimir toda diferencia ou discrepancia que xurda entre un ou máis socios e calquera órgano de ALCER-LUGO, como igualmente as cuestiós que xurdan sobre a interpretación destes Estatutos ou dos acordos adoptados polos distintos órganos de ALCER-LUGO
11. Acorda-la disolución de ALCER-LUGO.



Artigo 25

Clases de Asemblea e convocatoria

A Asemblea Xeral reuniráse ordinariamente, durante o primeiro semestre de cada ano, e extraordinariamente sempre que o acorde a Xunta Directiva ou o soliciten un mínimo do 25 por cento dos socios de ALCER-LUGO. Neste caso deberá convocarse no prazo máximo dun mes.

Na convocatoria constará, en todo caso, a orde do día acordada pola Xunta Directiva na que, no seu caso, deberán incluírse tódolos asuntos propostos polo 25 por cento dos socios que solicitaran a asemblea. A convocatoria comunicarase ós socios de ALCER-LUGO cunha antelación mínima de quince días, por correo ordinario.

Artigo 26

Acordos da Asemblea Xeral

A Asemblea Xeral quedará válidamente constituída, en primeira convocatoria, cando concorran na mesma a metade más un dos seus socios e, en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de socios asistentes. Entre a primeira e segunda convocatoria deberán mediar, como mínimo, media hora.

Os acordos adoptaránse por mayoría de votos. Os acordos relativos á disposición ou enaxenación de bens inmobilés, modificación de estatutos e disolución de ALCER-LUGO, requirirán a celebración de Asemblea Xeral Extraordinaria e os acordos, para ser válidos, deberán ter, polo menos, o voto favorable dos dous tercios dos votos asistentes.

De toda a Asemblea Xeral levantarase acta no libro correspondente e nela faráse consta-lo número dos asistentes, os asuntos tratados e os acordos adoptados, indicando os votos a favor, en contra, abstencións e votos en branco e particulares. Para que os acordos sexan firmes e executivos, a acta deberá estar subscrita polo Secretario e o Presidente.

As certificacións de tales actas, así como as testemuñas dos acordos nelas contidos expediránse, cando proceda, coa firma do Secretario e o visto bo do Presidente.



Artigo 27 Xunta Directiva

A Xunta Directiva é o órgano de administración, xestión e representación de ALCER-LUGO.

A Xunta Directiva estará composta polos seguintes membros:

- Presidente/a
- Vicepresidente/a
- Secretario/a
- Tesoureiro/a
- Vocais, nun número nunca inferior a catro (4).

- Para ser membro da Xunta Directiva é requisito indispensable a acreditación da súa condición de socio. Así mesmo deberán cumpri-los requisitos esixidos para ser membro da Asemblea Xeral.
- Os cargos da Xunta Directiva serán gratuítos, sen prexuízo do dereito a ser indemnizados polos gastos que lles ocasionen o cumprimento das súas funcións, previa aprobación dos mesmos e xustificación documental.
- Tódolos membros da Xunta Directiva terán voz e voto neste órganio, non podendo exercer votos delegados. En caso de empate nas votacións, o Presidente poderá exercer un voto de calidade.

Artigo 28 Duración da Xunta Directiva

- Os componentes da Xunta Directiva serán elixidos por un período de catro anos.
- Se se produce a metade máis un de baixas na Xunta Directiva, esta deberá convocar inmediatamente Asemblea Xeral Extraordinaria para proceder a cubri-las vacantes producidas.
- Mientras o número de baixas non sexa inferior a metade máis un, os membros cesantes, serán reemplazados na primeira Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria, mentres tanto as vacantes poderán ser cubertas provisionalmente por designación da Xunta Directiva.

Artigo 29 Elección da Xunta Directiva

A elección e nomeamento da Xunta Directiva realizaráse en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto:

- Composición das candidaturas:
 - Estarán constituídas alomenos nun 65 por cento por persoas con discapacidade ou representantes legais.
 - Deberán ir presididas necesariamente, por unha persoa con discapacidade ou representante legal.
- As candidaturas serán presentadas en listas pechadas e elixidas por maioría absoluta. No caso de presentarse máis dunha candidatura, será elixida a máis votada.
- As votacións serán a man alzada, a non ser que a maioría dos asistentes da Asemblea solicite o voto secreto.
- Os cargos da Xunta Directiva serán nomeados e ratificados na mesma Asemblea.

Artigo 30

Funcións da Xunta Directiva



Corresponde á Xunta Directiva:

- 1) Executa-la política de ALCER-LUGO e os acordos adoptados na Asemblea Xeral.
- 2) Administra-lo patrimonio de ALCER-LUGO.
- 3) Decidir sobre a realización de programas que vaian a ser executados ou coordinados dende ALCER LUGO.
- 4) Admitir os socios que soliciten a admisión en ALCER-LUGO e acorda-la suspensión temporal dos dereitos dun socio.
- 5) Determina-la orde do día da Asemblea Xeral.
- 6) Cubrir, con carácter provisional, as vacantes que se produzan na Xunta Directiva.
- 7) Nomear presidente e socios de honra, así como admiti-los colaboradores.
- 8) Facultar, por medio de poderes ás persoas que estime axeitado.
- 9) Preparar cants documentos deban ser aprobados pola Asemblea Xeral.
- 10) Plantexar ou decidir sobre calquera asunto de competencia e interese de ALCER-LUGO e que non estea reservado legal ou estatutariamente á Asemblea Xeral.

- 11) En xeral, todas aquellas actividades ou acordos que redunden no beneficio de ALCER-LUGO dos que deberá dar conta á Asemblea.
- 12) Dirixi-las actuacións sociosanitarias e leva-la xestión económica e administrativa da Asociación, acordando realiza-los oportunos contratos e actos.
- 13) Resolver, na arbitraxe de equidade ou por mediación, as controversias que poidan existir entre os socios de ALCER-LUGO. Esta actuación poderá ser efectuada por sí ou por delegación, designando unha comisión a tal efecto, que poderá estar integrada por persoas que non formen parte da Xunta Directiva.
- 14) Velar polo cumprimento e interpreta-los presentes Estatutos.



Artigo 31 Funcionamento da Xunta Directiva

A Xunta Directiva reuniráse, alomenos, unha vez cada trimestre ou cando o seu Presidente por si ou a petición do vinte por cento dos seus compoñentes.

O cargo de directivo osténtase a título persoal, polo que, cando non sexa posible a asistencia, só poderá delegarse a representación noutro membro da Xunta Directiva no caso da asistencia a actos da entidade.

A convocatoria das sesións, que comprenderá en todo caso a orde do día correspondente, será feita polo Presidente da Xunta Directiva ou persoa en quen delegue, coa antelación mínima de sete días salvo caso de especial urxencia. A composición da orde do día das sesións corresponderá ó Presidente, a proposta do Secretario, quen terá en conta, no seu caso, as peticións dos demais membros.

Cando o estime oportuno a Xunta Directiva ou o Presidente, poderán acudir á reunión da mesma persoas non pertencentes a ela con carácter de asesores.

Artigo 32 Comisión Permanente

Poderá crearse unha comisión permanente que terá a misión de exercer cotidianamente e de maneira máis ágil o goberno de ALCER-LUGO. A composición da mesma será establecida por acordo da Xunta Directiva.

Artigo 33 Comisión de Ética

Crearáse unha Comisión de Ética composta por persoas pertencentes ou non a ALCER-LUGO, designadas por la Xunta Directiva.

Terá como finalidade a de velar porque as actuacións, tanto de ALCER-LUGO, como as dos seus socios a título individual sexan éticas, non irregulares e lícitas (eliminación de prácticas comisionistas, dobres financiamentos ou financiamentos irregulares, etc). Esta comisión non terá carácter executivo.

Artigo 34

Presidente

Son funcións do Presidente:

1. Representar oficialmente a ALCER-LUGO.
2. Convocar e presidi-las reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
3. Nomear a calquera persoa como Asesor, que serán ratificados pola Xunta Directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á Xunta Directiva, das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera asesor non son vinculantes en ningún caso.
4. Permitir ou non, a presencia de invitados nas reunións da Xunta Directiva e nas Asembleas Xerais, tanto Ordinarias como Extraordinarias.
5. Ordena-los pagos con cargo ós fondos de ALCER-LUGO. Leva a sinatura social conxuntamente co Secretario ou o Tesoureiro.
6. A retirada dos fondos de ALCER-LUGO depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura do Secretario ou do Tesoureiro.
7. Autorizar coa súa firma as actas das reunións da Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
8. Velar pola execución dos acordos adoptados na Asemblea Xeral e na Xunta Directiva.
9. Subsribir contratos en nome de ALCER-LUGO, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opor excepcións diante dos órganos da xurisdicción ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanças, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese ós fins de ALCER-LUGO.
10. Coidar do debido cumprimento dos Estatutos, dos fins e principios de ALCER-LUGO.
11. Calquera outro de interese para a execución dos Estatutos.





Artigo 35

Vicepresidente

O Vicepresidente substituirá temporalmente ó Presidente nos casos de ausencia ou enfermidade.

Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións do Presidente que este delegue expresamente nel.

No caso de substitución definitiva, esta sería ós efectos tan só de convocatoria de novas eleccións; establecida para un período de tres meses.

Artigo 36

Secretario

As funcións do Secretario son:

- Custodia-los libros, documentos e selo de ALCER-LUGO, excepto os libros de contabilidade.
- Leva-lo Libro de Rregistro de Socios.
- Redacta-las actas das Asembleas Xerais e da Xunta Directiva.
- Librar certificacións con referencia ós Libros e documentos de ALCER-LUGO co visto e prace do Presidente.
- Constituír e retira-los depósitos, abrir contas e retira-los fondos, sendo necesaria a sinatura do Presidente.
- Prepara-los puntos que teñen que tratarse nas Asembleas Xerais, enviaránse as Actas e a Orde do Día con quince días de antelación como mínimo.
- Responsabilizarse, xunto co Presidente, do debido cumprimento dos Estatutos e dos fins e principios de ALCER-LUGO.
- A organización dos servicios técnicos de ALCER-LUGO.
- Impulso e control do funcionamento de ALCER-LUGO.
- A representación xurídica diante de todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial, por delegación do Presidente.



- Responsabilizaráse de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, de ALCER-LUGO.

Artigo 37
Tesorero

As funcións do Tesorero son:

1. Custodiar e levar libros de Contabilidade.
2. Comunicar inmediatamente á Xunta Directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica de ALCER-LUGO.
3. Custodia-los fondos de ALCER-LUGO, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a Xunta Directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento de ALCER-LUGO. Para dispoñer dos fondos de ALCER-LUGO, necesitará da sinatura do Presidente.
4. Faráse cargo das cantidades que se ingresen en ALCER-LUGO, arquivando os libramientos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
5. Constituir e retira-los depósitos, abrir contas e retira-los fondos, sendo necesario a sinatura do Presidente.
6. Elaborará os presupostos anuais e fará previsións de futuro.
7. Cobrará as cotas dos socios.
8. Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periódicamente.

Artigo 38
Vocais

As funcións dos vocais son:

1. Asistir ás reunións da Xunta Directiva.
2. Ostenta-la representación da Xunta Directiva nas comisións que se poidan formar para cumplir os fins que marcan os Estatutos.



CAPÍTULO IV DA IMPUGNACIÓN DOS ACORDOS SOCIAIS

Artigo 39 Impugnacións

1. As impugnacións que se formulen respecto das convocatorias, tanto da Asemblea Xeral como da Xunta Directiva de ALCER-LUGO, poderán realizarse con carácter previo a estas cando se trate de cuestións relacionadas coa propia convocatoria ou coa competencia dos asuntos propostos na orde do día e, salvo que o Presidente estime a existencia de erros ou vicios que poidan motiva-la anulación da convocatoria, deberán ser resoltas ó comezo da reunión.
2. Os acordos da Xunta Directiva poderán ser impugnados diante da mesma no prazo máximo de quince días dende que tiveran coñecemento de dito acordo os ausentes na reunión. Aqueles que estiveran presentes disporán do mesmo prazo sempre e cando salvan expresamente o seu voto.
3. Sen prexuízo das impugnacións, os acordos da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva son executivos salvo que ditos órganos acorden a súa suspensión.

Artigo 40 Recursos

1. Os acordos adoptados na Xunta Directiva resolvendo impugnacións poderán ser recorribles diante da Asemblea Xeral no prazo de quince días.
2. A impugnación dos acordos da Asemblea Xeral, incluídos os que resolvan impugnacións de acordos da Xunta Directiva substanciaránse diante dos tribunais da xurisdicción ordinaria na forma e prazos que a Lei determina.

CAPÍTULO V DO RÉXIME ECONÓMICO E FINANCEIRO

Artigo 41 Recursos económicos

Para atender ós seus fins, ALCER-LUGO contará cos recursos seguintes:

1. As cotas que satisfagan os socios, se se establecen.

2. As subvencións, doazóns, donativos, legados e herdanzas que se fagan a favor da mesma.
3. Os bens propios, móveis e inmóveis.
4. O rendemento do seu patrimonio.
5. Calquera outra achega que obteña para ser destinada ó cumprimento dos seus fins.
6. O capital fundacional de ALCER-LUGO é nulo, e o presuposto anual non será menor de tres mil euros (3.000 €).



Artigo 42 Cotas

As cotas serán das seguintes clases:

- a) Ordinaria anual, que será satisfeita na proporción que estableza a Xunta Directiva.
- b) Extraordinaria, na que a contía e condicións serán fixadas pola Asemblea Xeral cando as circunstancias o requirian.

Artigo 43 Pago de cotas

As cotas deberán ser aboadas no prazo dun mes a partir da aprobación do orzamento anual correspondente, ou ó termino-lo prazo fixado cando foran extraordinarias.

A Xunta Directiva poderá acordar medidas disciplinarias para os socios que, nos prazos previstos no parágrafo anterior, e sen causa xustificada non aboaran as cotas. Así mesmo, quen á celebración da Asemblea Xeral non aboara a cota correspondente ó ano anterior, perderá o seu dereito a voto na mesma. A persistencia na falta de pago das cotas poderá ser causa de expulsión.

Nembargantes, a Xunta Directiva poderá outorgar moratorias ou dispensa-lo pago total ou parcial das cotas fixadas nos casos nos que as circunstancias o aconsellen, comunicándose tal decisión á inmediata Asemblea Xeral que se celebre.

Artigo 44
Orzamento

ALCER-LUGO funcionará en réxime de orzamento anual. O borrador de orzamento será elaborado polo Tesoureiro, que deberá telo preparado antes do un de xaneiro de cada ano, a fin de que poida ser aprobado na Asemblea Xeral Ordinaria. O exercicio económico coincidirá co ano natural.

Anualmente con referencia ó ultimo día do exercicio económico de cada ano, elaboraránse as contas, que se formalizarán nunha memoria, que será posta a disposición dos socios, durante un prazo non inferior a 15 días ó sinalado para a celebración da Asemblea Xeral ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.



CAPÍTULO VI
DA MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 45
Procedemento de modificación

Os Estatutos de ALCER-LUGO só poderán ser modificado previo acordo da Asemblea Xeral, convocada con carácter Extraordinario, por decisión da Xunta directiva ou a proposta da maioría dos socios, mediante escrito razoado dirixido á Xunta Directiva

O acordo da Asemblea Xeral Extraordinaria deberá ser adoptado por maioría dos dous tercios dos socios presentes e representados.

CAPITULO VII
DA DISOLUCIÓN E LIQUIDACIÓN

Artigo 46
Disolución

ALCER-LUGO poderá disolveuse por unha das seguintes causas:

- Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil.
- Por sentencia xudicial firme.
- Por vontade dos dous tercios dos socios manifestada na Asemblea Xeral Extraordinaria convocada ó efecto.

Artigo 47
Comisión liquidadora

Acordada a disolución de ALCER-LUGO pola Asemblea Xeral ou decidida, no seu caso, pola autoridade xudicial, a Xunta Directiva, constituída en Comisión Liquidadora, procederá á liquidación do patrimonio de ALCER-LUGO.

A Xunta Directiva poderá delega-la súa función en tres ou más comisarios elixidos pola mesma entre os socios.

Artigo 48
Asemblea Xeral no período de liquidación

Durante o período de liquidación, a Asemblea Xeral conservará a plenitude de poderes e facultades que tiña con anterioridade ó acordo de disolución

Artigo 49
Destino dos bens resultantes

No caso de disolución definitiva, liquidadas tódalas obrigas pendentes que sexan de ALCER-LUGO, o sobrante de fondos que resultase pasarán a formar parte do patrimonio da Confederación Galega de Minusválidos (CoGaMi) que poderá ceder en uso a aquelas entidades sen ánimo de lucro de persoas con discapacidade do País Galego que defendan os principios fundamentais destes Estatutos.

DILIXENCIA:

Os presentes Estatutos, quedaron redactados incluíndo as modificáns acordadas na Asemblea Xeral Extraordinaria celebrada ó efecto, na sede social da Asociación para a Loita na Contra das Enfermidades Renais de Lugo (ALCER-LUGO), na Avd. Infanta Elena, 11, Casa Clara Campoamor, locales 5 y 7 o día 20 de Xulio de 2008.

Vº e Pre.

Asdo.: Jesús Purriños Rodríguez
Presidente
D.N.I.: 33.738.311-W

Asdo.: Gemma López González
Secretaria
D.N.I.: 76.622.598-F

Asdo.: Jesús Angel Nuñez Carballo
Tesorero
D.N.I.: 33.320.222-F




VISADO:

Por resolución desta delegación provincial, de data 04/12/2008, acordouse o sellado e visado dos presentes estatutos da denominada "**ASOCIACION PARA A LOITA NA CONTRA DAS ENFERMIDADES RENAIIS "ALCER LUGO"**" de LUGO, modificados por acordo da asamblea xeral extraordinaria celebrada ó efecto o día 20/07/2008 (art. 3º novo enderezo: AVDA INFANTA ELENA Nº 11. CASA CLARA CAMPOAMOR LC 5Y7. LUGO).. A referida asociación encóntrase inscrita no rexistro provincial de asociacións co número 303 da sección primeira.

Lugo, 04/12/2008

O delegado provincial



Asdo.: Luis Rodriguez Edrossa
Asdo.: Ana M^a Arias Graña